

A C T A 5/2023
SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 26 DE ABRIL DE 2023 -

Na Casa do Concello, a vinte e seis de abril de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D.^a Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D. José Antonio Garea Gil

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.^a Mayte Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.^a Carmen Diéguez González

D.^a Sofía Rama Lorenzo

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

ORDE DO DÍA:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 28.12.22 E 25.01.23 E EXTRAORDINARIA DO 09.02.23**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA RES 384/23 Á RES 499/23)**
- 3.- TOMA DE POSESIÓN DE D.^a SOFÍA RAMA LORENZO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL**
- 4.- MOCIÓNS**
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

- 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO 28.12.22 E 25.01.23 E EXTRAORDINARIA DO 09.02.23.**

Acta da sesión ordinaria do 28 de decembro de 2022

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 28 de decembro de 2022.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2023

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de xaneiro de 2023.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria do 9 de febreiro de 2023

O sr. alcalde pregúntalle ás/aos sras./es. concelleiras/os se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o 9 de febreiro de 2023.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DA RES 384/23 Á RES 499/23).

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 24 de marzo ata o 20 de abril de 2023, que comprenden os números 384 ao 499, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

3.- TOMA DE POSESIÓN DE D.^a SOFÍA RAMA LORENZO COMO CONCELLEIRA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

O sr. alcalde sinala que procede agora levar a cabo a toma de posesión da concelleira do BNG D.^a Sofía Rama Lorenzo e cede a palabra á secretaria da Corporación.

Interveño eu, secretaria municipal, para poñer de manifesto que, con data de 10 de abril de 2023, foi recibida a credencial da nova concelleira, D.^a Sofía Rama Lorenzo (rex. entrada nº 1451), a cal presentou na Secretaría municipal as declaracións correspondentes do Rexistro de intereses, polo que se dan os requisitos para a súa toma de posesión.

A continuación D.^a Sofia Rama Lorenzo procede a tomar de posesión como concelleira de Teo, mediante a fórmula legalmente establecida de acatamento á Constitución.

A sra. Rama, promete, por imperativo legal, pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Teo, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado.

O sr. alcalde dálle á benvida á sra. Rama como concelleira da Corporación.

4.- MOCIÓNS.

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.

A/s concelleira/s do BNG, formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- A sra. Diéguez sinala que no Piro hai unha fonte que está vertendo constantemente auga por fora e se está convertendo nun labazal.

O sr. alcalde sinala que esa fonte se puxo fai un ano máis ou menos con auga municipal para que puidera ser potable.

A sra. Diéguez sinala que ademais hai algunhas baldosas soltas.

2.- A sra. Diéguez sinala que vindo de Ribas para os Verxeis viu un cable descolgado. Aclara que ao mellor non ten corrente, porén da efecto de perigo.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.

As/os concelleiras/os do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.

As/os concelleiras/os do PP formulan os/as seguintes rogos e/ou preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que fronte a correos, dende a pescadería se queixan porque se aparcan coches nesa praza, engadindo que falta a sinal vertical.

O sr. Igrexas di que se está sinalizado no chan a sinal vertical reforza pero o que hai que facer é chamar á policía.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e seis minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz